

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 1 de outubro de 2018 pola que se dá publicidade de varios encargos a medio propio realizados por esta axencia.*

De conformidade co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de setembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dáse publicidade os seguintes encargos a medio propio:

1. Resolución do 19 de setembro de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se lle encarga ao medio propio á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa), a instalación de pérgolas con paneis solares fotovoltaicos integrados no aparcamento exterior existente do complexo administrativo San Lázaro, Santiago de Compostela.

– Actividade: encargar á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa), a execución das obras.

– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsa), a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 19 de setembro de 2018 ata o 31 de xaneiro de 2019.

– Financiamento: o financiamento será con cargo á aplicación orzamentaria 09 A2 733A 628.01 (código proxecto 201800004).

2. Resolución do 28 de setembro de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se encargan a Tragsatec, os servizos de desenvolvemento de novas funcionalidades/aplicacións, soporte e mantemento de varios sistemas de tramitación de procedementos electrónicos, e o mantemento e actualización de contidos da web [www.observatoriobiomasa.gal](http://www.observatoriobiomasa.gal).

– Actividade: encargar á Empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec), o servizo.



– Natureza e alcance do encargo: encargo a medio propio ao ter a Empresa Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (Tragsatec), a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

– Prazo de vixencia: desde o 28 de setembro de 2018 ata o 31 de xaneiro de 2020.

– Financiamento: o financiamento será con cargo á aplicación orzamentaria 09 A2 733A 640.91 (código proxecto 201500006).

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018

Ángel Bernardo Tahoces  
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

